

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 20 de decembro 2005 pola que se convocan as axudas correspondentes ás accións descentralizadas da segunda fase do Programa Sócrates da Unión Europea: Comenius 1: Asociacións escolares transnacionais: 1.1 Proxectos escolares, 1.2 Proxectos lingüísticos, 1.3 Proxectos de desenvolvemento escolar. Acollida de axudantes lingüísticos. Visitas preparatorias. Comenius 2.2: Bolsas individuais de formación: 2.2.A. Futuros profesores, 2.2.B. Axudantes lingüísticos, 2.2.C. Cursos de prácticas (formación continua do profesorado). Grundtvig: Grundtvig: 2. Asociacións de aprendizaxe, Grundtvig 3. Mobilidade para a formación do persoal docente e visitas preparatorias. Observación e innovación: Visitas de estudo Arión para responsables na toma de decisións en materia de educación.

O Programa Sócrates é o programa de acción comunitario en materia de educación da Unión Europea para a cooperación transnacional no ámbito da educación e encontra o seu fundamento xurídico nos artigos 149 e 150 do Tratado de Amsterdam, segundo os cales a Comunidade Europea contribuirá ao desenvolvemento da calidade da educación por medio da cooperación entre os estados membros e, se fose necesario apoiando e completando a súa acción.

A segunda fase do Programa Sócrates foi aprobada por Decisión 253/2000/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xaneiro de 2000 (*Diario Oficial de las Comunidades Europeas* nº L28, do 3 de febreiro), para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2006.

A Comisión Europea efectúa anualmente, no DOUE, o anuncio público das axudas concedidas no marco do programa Sócrates. A Guía do Candidato, publicada, así mesmo, pola Comisión Europea en xuño de 2000 e actualizada en xuño de 2004, contén a información sobre os procedementos de solicitude, data límite de presentación de solicitudes e os criterios que deberán ser considerados durante o proceso de selección, distinguindo a propia comisión entre criterios de elixibilidade e criterios de prioridades de selección para percibir a axuda.

Nas accións descentralizadas, os estados membros poderán aplicar os criterios adicionais que se adaptan ás necesidades do seu país.

Para garantir a coordinación, a organización e a xestión financeira do programa, créase dentro do ámbito estatal español á Axencia Nacional Sócrates, á que lle corresponde, en nome da Comisión Europea, conceder apoios financeiros mediante axudas ao profesorado e aos centros que fosen seleccionados polas diferentes comunidades autónomas. Igualmente, a Orde ministerial do 27 de novembro de 2000 (BOE

do 19 de decembro, modificada pola Orde do 6 de maio ECD 1141/2002 (BOE do 23 de maio) establece as normas xerais a que deben atermos as convocatorias específicas da axudas das accións descentralizadas do Programa Sócrates da Unión Europea.

Por todo iso, por proposta da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade coa Orde ministerial do 27 de novembro de 2000 (BOE do 19 de decembro), modificada pola Orde ECD 1141/2002 (BOE do 23 de maio), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procede a convocar para o curso 2006-2007, as axudas correspondentes ás accións descentralizadas da segunda fase do Programa Sócrates da Comunidade Autónoma de Galicia, consonte as seguintes

BASES:

Primeira.-Obxecto da convocatoria.

1.1 A presente orde ten por obxecto a convocatoria de 2006 de axudas destinadas á participación nas seguintes accións descentralizadas do Programa Sócrates da Unión Europea na Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Comenius 1: asociacións de centros escolares:
 - 1.1. Proxectos escolares.
 - 1.2. Proxectos lingüísticos.
 - 1.3. Proxectos de desenvolvemento escolar.

Centros de acollida de Axudantes Lingüísticos Comenius.

b) Comenius 2: Formación inicial e continua do persoal docente:

- 2.2.A. Bolsas individuais de formación inicial.
- 2.2.B. Axudantes lingüísticos.
- 2.2.C. Cursos de formación continua do profesorado.

c) Grundtvig:

Grundtvig 2. Asociacións de aprendizaxe.

Grundtvig 3. Mobilidade para a formación dos educadores de adultos.

d) Observación e innovación:

Visitas de estudo Arión para responsables na toma de decisións en materia de educación.

e) Visitas preparatorias:

1.2. Estas axudas non poderán ser concedidas a aquelas persoas que fosen beneficiarias de axudas Comenius 2.2.C, Grundtvig 3 e Visitas de Estudo Arión para realizar unha actividade formativa de mobilidade individual durante as tres últimas convocatorias, correspondentes aos anos 2003, 2004 e 2005.

1.3. O número de axudas dependerá da cantidade asignada á Comunidade Autónoma de Galicia para cada unha das accións, de acordo coa fórmula de distribución territorial prevista na Orde ministerial do 27 de novembro de 2000.

Segunda.-Presentación das solicitudes.

2.1. Os prazos de presentación das solicitudes serán:

Ata o 1 de febreiro de 2006 para as accións de Comenius 1 (1.1, 1.2, 1.3), Institucións de acollida de axudantes lingüísticos e Comenius 2.2.B (axudantes lingüísticos)

Ata o 1 de marzo de 2006 para as accións Comenius 2.2.C (Formación continua do profesorado-cursos de catálogo e fóra de catálogo) e Grundtvig 2 (Asociacións de aprendizaxe).

Ata o 1 de abril de 2006 para as Visitas de estudo Arión.

Aberto todo o ano: Grundtvig 3 e Comenius 2.2.A. Neste caso, as solicitudes deberanse presentar dous meses antes da súa realización.

A solicitude de axudas para a realización de visitas preparatorias e para a participación en seminarios temáticos (accións centralizadas e descentralizadas) poderá presentarse ao longo de todo o ano, con polo menos dous meses de antelación á súa celebración.

2.2. As solicitudes presentaranse vía internet *on-line*, utilizando o formulario electrónico de candidatura que atoparán na páxina web: www.edu.xunta.es. Ademais deberanse presentar copia das solicitudes por duplicado xunto cos anexos e a documentación correspondente. Os formularios deberanse presentar escritos nunha das linguas oficiais da Unión Europea.

Os formularios de solicitude, a Guía do Candidato do Programa Sócrates, a Convocatoria Xeral de Propostas para o 2006 e os catálogos de cursos, están á disposición das persoas interesadas nos servizos provinciais de inspección das delegacións provinciais, nos centros de formación e recursos e na Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Tamén se poden atopar nos seguintes enderezos da internet:

<http://europa.eu.int/comm/education/index-en.html>

<http://europa.eu.int/comm/education/socrates/arion>

<http://www.mec.es/programas-europeos>

2.3. Os requisitos dos solicitantes, características das accións, contía, documentación, criterios concretos de selección e baremo aplicable, así como a avaliación e recoñecemento da actividade indicaranse no punto correspondente para cada acción.

2.4. As solicitudes, a excepción das correspondentes á acción Comenius 2.2.A., remitiranse directamente á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela) e presentaranse a través do rexistro xeral. Tamén poderán utilizarse para a presentación de solicitudes calquera das dependencias previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que optasen por presentar a súa solicitude

nunha oficina de correos, farano en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

As solicitudes para participar na acción Comenius 2.2.A. dirixiranse á Axencia Nacional Sócrates (Paseo del Prado, nº 28. 28024 Madrid) e presentaranse a través do centro no que o solicitante siga os seus estudos.

2.5. Se as solicitudes non reunisen os requisitos exixidos na presente orde, requirirase o interesado para que no prazo de dez días emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese se considerará que desistiu da súa petición, logo da resolución.

2.6. En previsión de posibles incidentes que puidesen sobrevenir durante a estada no país onde se van realizar as actividades de formación, recoméndase que os candidatos vaian provistos do correspondente seguro de viaxe, do que, o seu importe pode ser xustificado como gasto para efectos de liquidación final.

Terceira.-Selección dos participantes.

3.1. As solicitudes serán estudadas e valoradas por unha Comisión Técnica de Selección formada polos seguintes membros:

Presidente: o subdirector xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente, ou persoa en quen delegue.

Vogais: o xefe do Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos, ou xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial e un inspector educativo, ou persoas en quen deleguen.

Secretario/a: un /unha funcionario/a destinado na subdirección xeral.

3.2. A comisión técnica de selección verificará que as solicitudes recibidas se axustará ás condicións concretas de cada tipo de axuda e encargará a súa avaliación a unha comisión de expertos avaliadores. A lista de expertos estará exposta no seguinte enderezo www.edu.xunta.es.

3.3. A comisión técnica de selección valorará a adecuación dos proxectos aos criterios anuais adicionais incorporados na Convocatoria Xeral de Propostas para o 2006. Esta comisión terá facultades para resolver as dúbidas relativas ao proceso de selección.

3.4. Os membros das comisións poderán percibir axudas de custo por asistencias e axudas para gastos de desprazamento por acudir ás sesións conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

3.5. En igualdade de condicións de calidade, daráselles prioridade ás persoas candidatas que non desfrutasen antes dunha axuda da Unión Europea ou da Administración educativa para o mesmo tipo de proxecto. Nas actividades de mobilidade individual poderá participar o persoal docente destinado en centros españois do exterior e que o último destino fose a Comunidade Autónoma de Galicia. Nestas accións no poderán participar aqueles candidatos que reci-

bisen axudas do Programa Sócrates para o mesmo tipo de actividade durante os tres últimos anos.

3.6. A selección das visitas preparatorias das accións descentralizadas será realizada pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, de acordo coa Axencia Nacional Sócrates e en función da dotación económica.

Cuarta.-Resolución.

4.1. As listas provisionais da concesión das axudas faranse públicas no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, centros de formación e recursos, delegacións provinciais de educación e na páxina web: www.edu.xunta.es. As listas definitivas serán publicadas nos mesmos lugares no prazo máximo dun mes, unha vez se reciba a confirmación por parte da Axencia Nacional Sócrates.

4.2. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións contra esta lista provisional ante a comisión técnica de selección, no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte da súa publicación na páxina web mencionada no punto 4.1.

4.3. As reclamacións presentadas serán estimadas ou desestimadas de acordo cos criterios de seleccións establecidos. Unha vez rematados os procesos selectivos, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais comunicará á Axencia Nacional Sócrates as candidaturas preseleccionadas. Nas accións que así o requiran, tras as pertinentes consultas ás axencias nacionais dos países implicados na actividade, a Axencia Nacional Española confirmará as candidaturas aprobadas e as rexeitadas, con especificación da súa causa.

4.4. A lista definitiva de seleccionados, suplentes e excluídos farase pública no *Diario Oficial de Galicia* mediante orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Contra dita resolución definitiva poderán os interesados interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

4.5. En ningún caso a concesión de axudas á mobilidade do profesorado significará a concesión automática de permiso de ausencia das actividades lectivas, cando a actividade se realizase dentro do período lectivo.

Quinto.-Xustificación e percepción da axuda.

5.1. A Axencia Nacional Sócrates subscribirá un convenio financeiro directamente cos beneficiarios das axudas coa finalidade de realizar o pagamento de acordo coa Orde ministerial do 27 de novembro de 2000 (BOE do 19 de decembro).

5.2. A xustificación correcta da axuda recibida efectuarase enviando a memoria económica xunto cos xustificantes correspondentes á Axencia Nacional Sócrates, Paseo del Prado, 28, 28014 Madrid, de acordo cos termos e prazos fixados no convenio correspondente, así como unha copia da memoria pedagóxica da actividade realizada. Esta memoria deberá ir acompañada dun informe de avaliación da actividade realizada, segundo modelo que proporcionará a Axencia Nacional Sócrates.

5.3. Os beneficiarios das axudas estarán obrigados a:

a) Notificar as datas de desprazamento á inspección educativa correspondente para efectos da concesión do correspondente permiso.

b) Comunicar, se é o caso, a obtención de axudas para a mesma finalidade doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

c) Someterse ás actuacións de control financeiro que correspondan e ás de comprobación que poidan efectuar a Administración da Comunidade Autónoma, a Axencia Nacional Sócrates e a Comisión Europea.

d) Elaborar unha memoria pedagóxica, de acordo co previsto nos puntos específicos de cada acción que figuran na presente orde, que se presentará, na Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, nos trinta días seguintes á finalización das actividades. Para efectos de certificación xunto coa memoria deberán enviar a acta da acción que corresponda, que se atopa na páxina web: www.edu.xunta.es, tal e como se especifica en cada unha das accións nos anexos da presente convocatoria.

e) Incluír os logos de Sócrates e a Unión Europea, así como mencionar o financiamento comunitario obtido nas súas actividades de difusión e nos materiais producidos.

5.4. O incumprimento de calquera das obrigas que se citan nos puntos anteriores comportará o reintegro á Axencia Nacional Sócrates da cantidade non xustificada, así como os xuros de demora, sen prexuízo das responsabilidades administrativas en que puidese incurrir a persoa beneficiaria, de acordo ca lexislación vixente e a normativa comunitaria.

5.5. Calquera alteración das condicións valoradas para a adxudicación das axudas (variación do número de participantes, datas de realización do proxecto, cambio do centro asociado e outras similares), así como a renuncia á axuda, debe comunicarse á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e suporá a correspondente modificación da resolución da concesión, sempre que non implique un aumento da contía da axuda.

Sexta.-Retirada da documentación.

6.1. Unha vez públicas as resolucións definitivas e finalizados os prazos para a interposición de recursos, os beneficiarios ou persoas autorizados poderán retirar a documentación acreditativa dos méritos ale-

gados ata tres meses despois da data de publicación da mencionada resolución definitiva. Transcorrido o prazo mencionado perderase todo dereito sobre a mencionada documentación.

Sétima.-Período de realización das actividades.

O período para a realización das actividades correspondentes ás accións descentralizadas do Programa Sócrates recollidas nesta orde será:

a) Comenius 1 (1.1, 1.2, 1.3) e Grundtvig 2 (Asociacións de Aprendizaxe): 1 de agosto de 2006 a 31 de xullo de 2007.

b) Comenius 2.2. C: 1 de xuño de 2006 a 31 de xullo de 2007.

c) Visitas preparatorias e seminarios de contacto Comenius 1: 1 de xullo de 2006 a 30 de xuño de 2007.

d) Visitas preparatorias e seminarios de contacto Grundtvig 2: 1 de xullo de 2006 a 31 de agosto de 2007.

e) Grundtvig 3 (Mobilidade de educadores de adultos): 1 de xullo de 2006 a 31 de agosto de 2007)

f) Visitas de estudo Arión; 1 de setembro de 2006 a 30 de xuño de 2007.

Disposicións finais

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional Ensinanzas Especiais para ditar tantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento correcto desta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas de carácter básico do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións, e as ditadas para o seu desenvolvemento.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2005.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Accións descentralizadas da fase II do
Programa Sócrates
Epígrafes específicas

Sección primeira

Comenius 1: asociacións entre centros escolares

Punto 1.-A acción Comenius ten por obxecto mellorar a calidade e reforzar a dimensión europea do ensino escolar, fomentando a cooperación multinacional entre centros de ensino e contribuíndo a potenciar a formación do persoal directamente dedicado ao sector do ensino escolar e a promover a aprendizaxe de idiomas e o coñecemento intercultural. Neste marco, os centros escolares poden solicitar axudas financeiras para tres tipos diferentes de proxectos:

Comenius 1.1: Proxectos escolares.

Comenius 1.2: Proxectos lingüísticos.

Comenius 1.3: Proxectos de desenvolvemento escolar.

Ademais, poden solicitar un axudante lingüístico Comenius.

Punto 2.-Os centros escolares que desexen iniciar un proxecto de cooperación poden solicitar unha axuda para realizar unha visita preparatoria. As visitas poden ser de dous tipos:

a) Reunión de representantes de centros cos que se entrou en contacto previamente para a formación dunha asociación de aprendizaxe. Poderase conceder unha axuda máxima de 1.200 euros por persoa e centro (dependendo do país de destino e da duración da visita).

b) Participación nun seminario de contacto organizado por unha axencia nacional ou rede Comenius co fin de formar asociacións de centros que elaboren proxectos sobre a temática do seminario. Poderanse conceder axudas para a subvencionar a participación no seminario dun profesor por centro. Será requisito indispensable coñecer a lingua oficial do seminario. A Axencia Nacional correrá cos gastos de inscrición, aloxamento e manutención, os cales se aboarán directamente á organización do seminario. A diferenza económica ata o máximo concedido destinaranse a gastos de transporte. O centro beneficiario recibirá a axuda unha vez realizado o seminario e logo de xustificación dos gastos realizados.

O obxectivo destas visitas, que se realizarán antes da presentación do proxecto, é permitir a reunión dos socios potenciais co obxecto de precisar a definición dos obxectivos e metodoloxía, definir as funcións que exercerá cada socio, desenvolver o programa de traballo e o orzamento do proxecto e elaborar medidas de avaliación e difusión del. Unha vez finalizada a visita, deberase presentar a Axencia Nacional Sócrates nun prazo de trinta días unha memoria da actividade e do informe de avaliación tal e como figura no convenio.

Non poderán recibir axuda financeira para realizar unha visita preparatoria ou asistir a un seminario de contacto aqueles que realizasen un proxecto do Programa Sócrates durante as últimas tres convocatorias, a saber: 2003, 2004 e 2005.

Punto 3.-Participantes.

Poderán solicitar estas axudas os centros que imparten as ensinanzas de réxime xeral e de réxime especial, excepto os centros de educación de persoas adultas e as escolas oficiais de idiomas a que vai dirixida especialmente a acción Grundtvig. Tampouco poderán recibir axuda de Comenius 1 os centros que presenten proxectos dirixidos ao alumnado de ciclos formativos de grao superior. O equipo pedagóxico do proxecto estará constituído por profesores de diversas áreas, dos cales un actuará como coordinador. O proxecto debe contar coa aprobación da dirección do centro.

Comenius 1.1: proxectos escolares e
Comenius 1.3: proxectos de desenvolvemento
escolar

Punto 4.-Socios.

As asociacións de centros escolares que desenvolvan un Proxecto escolar (Comenius 1.1), ou un Proxecto de Desenvolvemento Escolar (Comenius 1.3), estarán integradas polo menos por tres centros de tres países diferentes, dos cales un terá a responsabilidade de coordinar o proxecto e os outros serán asociados.

Punto 5.-Duración do proxecto.

A duración máxima é de tres anos, logo de solicitude anual de renovación de candidatura.

Punto 6.-Modalidade e contía da axuda.

A axuda que concede a Comisión Europea a través da Axencia Nacional Sócrates para a realización dun Proxecto Escolar ou un Proxecto de Desenvolvemento Escolar consta de dúas partes:

a) Unha cantidade fixa de ata 2000 euros para os centros coordinadores e de ata 1.500 euros para os centros asociados, destinada ao pagamento dos gastos relacionados coas actividades do proxecto, excepto viaxes internacionais.

b) Unha cantidade variable que axude a sufragar os gastos das seguintes visitas transnacionais:

b.1) Reunións sobre o proxecto: encontros de profesores que, se é o caso, poderán ir acompañados de representantes dos alumnos nas condicións que se establecen na Guía do Candidato.

b.2) Intercambios de profesores.

b.3) Estadías en prácticas para o profesorado.

b.4) Visitas de estudo para os equipos directivos.

b.5) Asistencia a unha reunión de rede temática Comenius.

Todas estas visitas realizaranse nas condicións establecidas na mencionada Guía e quedarán reflectidas no formulario de solicitude do proxecto.

c) A contía máxima anual (cantidade fixa máis cantidade variable), en concepto de axuda, que concede a Unión Europea a través da Axencia Nacional Sócrates será de 5.500 euros para o centro coordinador e 5.000 euros para o centro asociado, no caso de Comenius 1.1, e de 6.500 euros para o centro coordinador e 6.000 euros para o centro asociado no caso do Comenius 1.3.

Punto 7.-Documentación e prazo de presentación de solicitudes.

Os centros que desexen solicitar estas axudas deberán presentar, no prazo establecido e xunto co formulario de solicitude e por triplicado, a seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

a) Proxectos novos:

a.1) Centros coordinadores:

1. Anexo I da orde de convocatoria.

2. Formulario de candidatura conxunto para asociacións escolares Sócrates Comenius 1, en formato electrónico e en papel, debidamente firmado e selado segundo a base segunda desta orde.

3. Certificado da dirección do centro onde se indique o número e nome do profesorado implicado no proxecto así como as materias e áreas que imparten.

4. Certificado do director do centro conforme esta actividade está recollida na programación anual do centro.

5. Relación numerada de todos os documentos presentados.

a.2) Centros asociados:

1. Anexo I da orde de convocatoria.

2. Formulario de candidatura conxunta para asociacións escolares Sócrates Comenius 1, en formato electrónico e en papel, debidamente asinado e selado, segundo a base segunda desta orde.

3. Copia do formulario de candidatura do centro coordinador, o no seu defecto das súas seccións A,B, e C.

4. Certificado da dirección de centro onde se indique o número e nome do profesorado implicado no proxecto así como as materias e áreas que imparten.

5. Certificado do director do centro conforme esta actividade está recollida na programación anual do centro.

6. Relación numerada de todos os documentos presentados.

b) Renovacións de proxectos (coordinadores e asociados).

1. Anexo I da orde de convocatoria.

2. Formulario de candidatura conxunto para a renovación de proxectos Sócrates Comenius 1, en formato electrónico e en papel, debidamente asinado e selado segundo a base segunda desta orde.

3. Certificado da dirección do centro onde se indique o número e nome do profesorado implicado no proxecto, así como as materias ou áreas que imparten.

4. Certificado do director do centro conforme esta actividade está recollida na programación anual do centro.

5. Informe de progreso que se xunta como anexo III desta orde.

6. Relación numerada de todos os documentos.

Punto 8.-Criterios de selección e baremo.

Os proxectos valoraranse en función dos indicadores recollidos no anexo IV desta orde.

Co fin de atender as prioridades marcadas pola Comisión Europea as listaxes provisionais de candidaturas aprobadas priorizaranse de acordo coa seguinte orde:

-En primeiro lugar, as renovacións de proxectos de segundo ano aprobadas (as candidaturas, para seren

revalidadas, deberán obter un mínimo do 50% do total dos puntos do baremo do anexo IV.

-En segundo lugar, as renovacións de proxectos de terceiro ano aprobadas (as candidaturas, para seren revalidadas, deberán obter un mínimo de 75% do total de puntos do baremo do anexo IV).

-En terceiro lugar, os proxectos novos (para aprobaren deberán obter un mínimo do 30% do total de puntos do baremo do anexo IV).

Punto 9.-Avaliación e recoñecemento da actividade.

Para realizaren a avaliación, os beneficiarios deben enviar nos trinta días seguintes ao termo da actividade, a documentación seguinte:

1. Os centros que están en 1º e 2º ano deben entregar:

-Informe estatístico de avaliación.

2. Os centros que realicen o seu terceiro ano de proxecto ou os que están no seu último ano de traballo, deben entregar:

-Informe estatístico de avaliación.

-Copia dos materiais elaborados. Sería desexable que os materiais se puidesen presentar en formato CD-ROM, co fin de facilitar a súa visualización e almacenamento.

-Memoria pedagóxica en soporte CD-ROM que recolla os aspectos que se detallan no anexo V.

-Informes dos centros participantes no proxecto.

Para o recoñecemento das horas de formación logo do remate das actividades, deberá enviarse xunto coa memoria a acta de avaliación que se atopa na páxina web: www.edu.xunta.es e copia do DNI. Os pasos para a súa localización son os seguintes: profesor-programas-programas da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais-programas europeos-actas para certificados.

Ao abeiro do artigo 28 da Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG do 10 de setembro), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións, a participación en programas internacionais poderá ter os efectos correspondentes a actividades de formación permanente, expedindo a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais as certificacións correspondentes conforme as seguintes equivalencias:

a) Ao profesor que coordine o proxecto nun centro coordinador: 50 horas de formación por curso escolar.

b) Ao profesor que coordine o proxecto nun centro asociado: 45 horas de formación por curso escolar.

c) Ao profesor que colabore no proxecto: 30 horas de formación por curso escolar.

Comenius 1.2, proxectos lingüísticos

Punto 10.-Características da acción.

Os proxectos lingüísticos Comenius deben realizarse entre dous centros educativos de dous países diferentes dos que un será o centro coordinador e o outro o centro asociado e deberán contar co compromiso expreso de colaboración por escrito da dirección dos centros participantes. Ambos deberán presentar a solicitude de axuda na súa Axencia Nacional correspondente e será necesaria a aprobación dos proxectos por parte das axencias nacionais implicadas para obter a aprobación final do proxecto.

A duración do proxecto é dun ano.

Punto 11.-Requisitos da mobilidade do profesorado e alumnado.

a) A idade mínima de participación dos alumnos será de 12 anos.

b) A duración mínima será de catorce días, incluída a viaxe, e deberán participar como mínimo dez alumnos.

c) Subvencionarase como máximo a dous acompañantes adultos por cada grupo de dez alumnos e, en calquera caso, a un home e a unha muller se se tratase dun grupo de mozos e mozas.

d) Os intercambios teñen como base o principio de reciprocidade, de xeito que o alumnado de ambos os centros teña a oportunidade de desenvolver parte do seu proxecto no centro do país asociado.

e) Os intercambios terán que realizarse en período escolar dos centros de acollida.

f) Os directores dos centros solicitantes solicitarán as oportunas autorizacións do pai, nai ou titor, que quedarán arquivadas nos centros.

g) Se o programa de estudos dos alumnos participantes non inclúe clases na lingua do socio de acollida, no desenvolvemento do proxecto débese incluír unha introducción desta lingua de entre vinte e corenta horas e durante a fase de intercambio ha de verse algún tempo para a aprendizaxe e perfeccionamento nesa lingua.

Punto 12.-Contía da axuda.

A axuda constará de dúas partes:

a) Unha cantidade fixa de ata 1.500 euros para contribuír ao pagamento dos gastos relacionados coas actividades do proxecto, excepto as viaxes internacionais.

b) Unha cantidade variable que axude a sufragar os gastos das viaxes internacionais e as axudas de custo de acordo coa Guía do Candidato e o correspondente convenio financeiro.

Punto 13.-Documentación específica.

Os centros que desexen solicitar estas axudas deberán presentar, por triplicado, a seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

1. Anexo I desta orde.

2. Formulario de candidatura conxunto para asociacións escolares Sócrates Comenius¹, en formato electrónico e en papel, debidamente asinado e selado segundo a base segunda desta orde.

3. Certificado do director do centro conforme esta actividade está recollida na programación anual do centro.

4. Carta de aceptación do intercambio co centro do outro país.

5. Relación numerada de todos os documentos achegados.

Ademais da documentación anterior, os centros asociados deberán presentar copia do formulario de candidatura do centro coordinador, no seu defecto, das seccións A, B, e C do mesmo.

Punto 14.-Criterios de selección e baremo.

Os proxectos valoraranse segundo os indicadores recollidos no anexo VI. Para que un proxecto resulte aprobado deberá ter un mínimo do 50% da puntuación total do baremo.

Punto 15.-Avaliación e recoñecemento da actividade.

1. Para avaliar a actividade os beneficiarios deberán enviar á Axencia Nacional Sócrates e á Dirección Xeral de F.P. e Ensinanzas Especiais, dentro dos trinta días seguintes ao remate dela, a documentación seguinte:

-Informe estatístico de avaliación,

-Copia dos materiais elaborados. Sería desexable que os materiais se puidesen presentar en formato CD-ROM, co fin de facilitar a súa visualización e almacenamento.

-Memoria pedagóxica en soporte CD-ROM que recolla os aspectos que se detallan no anexo V.

-Informes dos centros participantes no proxecto.

Para o recoñecemento das horas de formación logo do remate das actividades, deberá enviarse xunto coa memoria a acta de avaliación que se atopa na páxina web: www.edu.xunta.es. e copia do DNI Os pasos para a súa localización son os seguintes: profesor-programas-programas da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais-programas europeos-actas para certificados.

Ao abeiro do artigo 28 da Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG do 10 de setembro), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións, a participación en programas internacionais poderá ter os efectos correspondentes a actividades de formación permanente, expedindo a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais as certificacións correspondentes conforme as seguintes equivalencias:

a) Ao profesor que coordine o proxecto: 50 horas de formación por curso escolar.

b) Ao profesor que colabore no proxecto: 30 horas de formación por curso escolar.

Centros de acollida de axudantes lingüísticos Comenius

Punto 16.-Características da acción.

Poderán solicitar estas axudas os centros que impartan as ensinanzas de réxime xeral e réxime especial.

O obxectivo desta acción é mellorar as aptitudes lingüísticas do alumnado do centro de acollida e aumentar a súa motivación pola aprendizaxe da lingua, así como o interese polo país e cultura do axudante.

Punto 17.-Duración do proxecto e modalidade da axuda.

A duración da estancia do axudante lingüístico oscilará entre tres e oito meses. O beneficio inmediato para o centro de acollida consistirá en poder contar cun profesor de apoio dun país europeo que sirva de dinamizador da ensinanza dunha lingua e dunha cultura diferentes, para o que o centro designará a un profesor capacitado co fin de supervisar o traballo do axudante. Non existe contraprestación económica.

Punto 18.-Criterios de selección e baremo.

As candidaturas se valorarán de acordo cos indicadores recollidos no anexo VII desta orde.

A lista por orde de prioridade dos centros seleccionados notificarase á Axencia Nacional Sócrates, a que consultará coas axencias nacionais doutros países para a adxudicación definitiva dos axudantes en función das demandas dispoñibles.

Punto 19.-Documentación específica.

Os centros que desexen solicitar estas axudas deberán presentar, por triplicado, a seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

1. Anexo I desta orde.

2. Formulario de candidatura Comenius 2: Lectorados de linguas Comenius para as institucións que desexen acoller a un lector de linguas Comenius, en formato electrónico e papel, debidamente firmado e selado, segundo a base segunda desta orde.

3. Programa pormenorizado das actividades a realizar polo o axudante.

4. Certificado do director do centro conforme esta actividade está recollida na programación anual do centro.

5. Relación numerada de todos os documentos achegados

Punto 20.-Compromiso dos centros beneficiarios.

Os centros beneficiarios dunha acollida de axudantes lingüísticos Comenius adquirirán compromiso de:

1. Informar o persoal e aos alumnos da presenza dun axudante lingüístico no centro, das súas funcións e dos obxectivos da axudantía.

2. Designar un titor que será a persoa de contacto no centro. Este titor deberá acudir ás reunións de preparación e coordinación organizadas pola Axencia Nacional.

3. Deseñar un horario para o axudante -previa consulta co interesado- que oscilará entre un mínimo de 12 horas semanais e un máximo de 16.

4. Enviar ao axudante lingüístico documentación sobre o centro e a zona, así como axudarlle a atopar aloxamento.

5. Velar porque o axudante lingüístico estea asegurado no seu lugar de traballo contra accidentes e lesións a terceiros.

6. Enviar unha memoria das actividades realizadas.

Punto 21.-Avaliación e recoñecemento da actividade.

Ao finalizar o período de axudantía, o centro deberá presentar nun prazo de trinta días, unha memoria das actividades realizadas. Logo da súa avaliación e valoración, acreditarase cun total de 10 horas de formación ao profesor-titor por cada trimestre que o axudante estivese no centro e cun total de 5 horas de formación ao profesor colaborador.

Para o recoñecemento das horas de formación logo do remate das actividades, deberá enviarse xunto coa memoria a acta de avaliación que se atopa na páxina web: www.edu.xunta.es. e copia do DNI Os pasos para a súa localización son os seguintes: profesor-programas-programas da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais-programas europeos-actas para certificados.

Sección segunda

Comenius 2.2. Bolsas individuais de formación
Obxecto.

O obxectivo da acción Comenius 2.2 é colaborar na preparación do futuro profesor e axudar á formación continua do actual. Nesta acción considéranse tres puntos:

A) Bolsas individuais para a formación inicial do profesorado.

B) Axudantías lingüísticas Comenius.

C) Bolsas individuais de formación permanente.

A) Comenius 2.2.A. Bolsas individuais para la formación inicial do profesorado.

Punto 22.-Participantes.

Todas as persoas matriculadas nun centro que participe nun proxecto acollido á acción Comenius 2.1 Proxectos de Cooperación Europea para a formación do persoal docente dos centros escolares, sempre e cando o curso no que estean inscritas finalice coa obtención dun título que lles permita traballar como profesores e inclúa, como norma xeral, unha formación práctica sobre metodoloxías didácticas.

Punto 23.-Contía das axudas.

A contía total da axuda cubrirá os gastos reais da viaxe, seguro, preparación lingüística e os gastos da

estadia de acordo coas axudas de custo semanais establecidas pola Comisión Europea.

Punto 24.-Documentación específica.

As institucións participantes en proxectos Comenius 2.1 deberán cubrir o formulario de candidatura en formato electrónico e papel firmado e selado, e enviálo por duplicado á Axencia Nacional Sócrates antes da realización da actividade.

Punto 25.-Avaliación da actividade.

Unha vez rematada a actividade, o responsable do proxecto no centro remitirá a memoria correspondente á Axencia Nacional Sócrates.

B) Comenius 2.2.B. Axudantías lingüísticas.

Punto 26.-Participantes.

a) Os futuros profesores dunha das linguas oficiais da Unión Europea ou dos países participantes EFTA/EEE (Noruega, Islandia e Liechtenstein) ou candidatos á adhesión como idioma estranxeiro.

b) Os profesores que no futuro puidesen ensinar algunha lingua estranxeira.

c) Os profesores que puidesen ensinar algunha materia que non sexa de idiomas facendo uso da lingua estranxeira.

d) Os titulados nunha especialidade que permita impartir a ensinanza dunha lingua estranxeira ou estudantes da dita especialidade.

Requírese tamén:

-Ser cidadán español ou dun país da Unión Europea residente en España.

-Ter cursado ou estar cursando os seus estudos universitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Para os profesores, en exercicio das súas funcións, estar traballando na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Non ter traballado nunca como profesor de lingua estranxeira.

-Non ter desfrutado anteriormente deste mesmo tipo axuda.

-Nor ter percibido outra bolsa similar para a mesma finalidade nos últimos tres anos.

-Serán prioritarios os candidatos que non desfrutasen dunha axuda financeira no marco do Programa Sócrates.

Punto 27.-Duración da actividade.

A duración da estadia do axudante lingüístico no país correspondente oscilará entre tres e oito meses nun centro escolar de acollida ou nun centro de educación de adultos.

Punto 28.-Contía da axuda.

A axuda financeira cubrirá os gastos da viaxe do axudante, desde o seu país de residencia ao centro escolar da acollida, e os gastos de estadia, variando

a súa contía en función do país de acollida e da duración da mesma.

Punto 29.-Criterios de selección e baremo.

As candidaturas se valorarán tendo en conta os criterios establecidos no anexo VIII.

Punto 30.-Documentación específica.

a) Anexo II da orde de convocatoria.

b) Formulario de candidatura Sócrates/Comenius 2.2 B (duplicado) xerado pola aplicación informática, debidamente asinado e selado segundo a base segunda desta orde.

c) Copia compulsada do título ou certificación académica na que consten a puntuación media dos créditos superados.

d) Fotocopia do DNI ou no caso de cidadáns doutro país da Unión Europea, certificado de residencia.

e) Declaración xurada de non ter traballado antes como profesor de idiomas.

f) Currículum Vitae Europeo (CV Europass), ao que accederá desde a páxina <http://europass.cedefop.eu.int/>

g) Relación da documentación achegada.

C) Comenius 2.2.C. Bolsas individuais de formación do profesorado.

Nesta modalidade establécense tres tipos de axuda:

a) Bolsas para a asistencia a cursos doutros países da Unión Europea, dirixidos ao profesorado de calquera materia ou nivel.

b) Bolsas para asistencia a cursos noutros países da Unión Europea, dirixidos ao profesorado de linguas estranxeiras.

c) Conferencias o seminarios de redes Comenius ou por unha asociación activa no campo da educación que sexa realmente representativa. Estas actividades poderán ter unha duración inferior a unha semana.

Os cursos terán unha duración de entre unha e catro semanas. Existe un catálogo de cursos Comenius que se poderá consultar nas direccións de internet indicadas na base terceira da presente convocatoria. Tamén poderá solicitarse a bolsa para a realización de cursos organizados por outras institucións.

Punto 31.-Participantes.

Para o punto a)

-O profesorado de calquera materia, os inspectores de educación, os membros dos equipos de orientación psicopedagóxica e educativa, os asesores técnicos ou persoal de servizos técnicos de apoio, de departamentos ou centros de formación e apoio ao profesorado que realicen a súa tarefa docente nos niveis educativos anteriores á universidade.

-Outro persoal que traballe no ámbito escolar con alumnado en situación de risco social ou con necesidades educativas especiais.

Para o punto b)

-O profesorado cualificado que imparta a docencia dunha lingua estranxeira en centros docentes públicos ou privados de acordo coa normativa vixente, exceptuando os centros de educación de adultos e as escolas oficiais de idiomas que deberán solicitar axudas dentro do marco da acción Grundtvig 3.

-O profesorado de educación infantil e primaria que imparta un idioma estranxeiro.

-O profesorado doutras materias que se estea formando como profesor de lingua estranxeira.

-O profesorado doutras áreas que imparta a súa materia utilizando unha lingua estranxeira.

-Inspectores ou asesores que traballen no ámbito da ensinanza de idiomas.

Punto 32.-Requisitos.

Estes requisitos son comúns a todos os participantes:

-Estar prestando servizos no curso escolar 2005-2006 en niveis educativos anteriores á universidade.

-Non ser beneficiario durante o curso actual dunha axuda de formación a través doutras convocatorias de axudas individuais para actividades de formación do profesorado que convoque a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

-Non atoparse en situación de licenza por estudos durante o período de celebración da actividade.

-Non ter concedida outra axuda por calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou estranxeiro, para a mesma actividade que, sumada á que puidese concederse por esta convocatoria superase o 100% de gastos da actividade.

-Non ter sido beneficiario dunha axuda individual do Programa Sócrates durante as tres últimas convocatorias: 2003, 2004 e 2005.

-Coñecer a lingua oficial do curso solicitado.

Os cursos que se realicen en España non poderán ser solicitados. En ningún caso a adxudicación das axudas significará a concesión automática de permisos cando a actividade se realice dentro do período lectivo.

Punto 33.-Modalidade e contía das axudas.

1. A contía da bolsa poderá ser de ata 1.500 euros, segundo a duración do curso, que oscilará entre 1 e 4 semanas.

2. En ningún caso a adxudicación das axudas significará a concesión automática de permisos cando a actividade se realice dentro do período lectivo.

Punto 34.-Documentación específica.

a) Anexo II da orde de convocatoria.

b) Formulario de candidatura Sócrates/Comenius 2.2.C xerado pola aplicación informática, debidamente asinado por duplicado.

c) Fotocopia do DNI.

d) Certificado do centro no que está incorporado durante o curso vixente, indicando as tarefas e o nivel que imparte.

e) Fotocopias compulsadas que acrediten os méritos a avaliar.

f) Para o persoal que traballe con alumnado en situación de risco social ou con necesidades educativas especiais, certificado que acredite a súa actividade durante polo menos un ano académico.

g) Certificado que acredite o ensino do idioma para o que se solicita a bolsa durante o presente curso académico.

h) Para o profesorado que imparta a súa materia utilizando unha lingua estranxeira, certificado do centro que acredite a dita circunstancia.

i) Xustificación da relación entre o curso elixido e o perfil profesional do candidato.

j) Certificación de servizos.

k) Relación numerada dos documentos presentados.

Punto 35.-Criterios de selección e baremo.

a) Cursos xerais de formación:

1. Non ter disfrutado de axuda comunitaria con anterioridade (1 punto).

2. Solicitar unha axuda para asistir aos cursos incluídos no Catálogo Comenius (2 puntos).

3. Por cada ano de servizo: 0,20 puntos por ano, (máximo ata 2 puntos).

4. Relación entre a actividade que desempeña e o tema do curso que solicita (ata 2 puntos).

5. Plantexamento sobre cómo levará á practica os novos coñecementos e habilidades adquiridos no curso e cómo repercutirán en beneficio da súa actividade profesional (ata 2 puntos).

6. Impartir unha materia curricular en lingua estranxeira (2 puntos).

7. Actividades de formación recoñecidas polas administracións educativas correspondentes (máximo ata 4 puntos).

7.1. Dirección ou coordinación (0,20 puntos por actividade).

7.2. Relatorios (0,10 puntos por relatorio).

7.3. Asistencia (0,10 puntos por cada dez horas).

7.4. Participación nun proxecto educativo europeo (máximo ata 1 punto).

Para o punto 7 é necesario presentar as certificacións acreditativas correspondentes en que conste o número de horas de duración.

Punto 36.-Avaliación e recoñecemento da actividade.

Unha vez rematado o curso/actividade, os beneficiarios terán un prazo dun mes para presentar a seguinte documentación:

-O certificado expedido pola entidade organizadora do curso/actividade de formación, ou copia cotexada

del, en que deberán ser especificadas as horas de duración del.

-Copia do DNI.

-Unha breve memoria da actividade realizada.

Así mesmo, xunto coa memoria, enviarase a acta de avaliación que se atopa na páxina web: www.edu.xunta.es. Os pasos que hai que seguir para a súa localización na web son os seguintes: profesor-programas-programas da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais-programas europeos-actas para certificados.

O certificado de recoñecemento con horas de formación permanente do profesorado emitírase de oficio polo centro directivo convocante.

Sección terceira

Grundtvig: educación de adultos e outros itinerarios educativos

O obxectivo da acción é promover a dimensión europea na aprendizaxe ao longo da vida, e contribuír, mediante a ampliación da cooperación transnacional, á innovación e maior dispoñibilidade, accesibilidade e calidade doutros itinerarios educativos.

As subaccións obxecto desta convocatoria son:

1. Grundtvig 2: asociacións de aprendizaxe.

2. Grundtvig 3: mobilidade para os educadores de adultos.

A) Grundtvig 2: asociacións de aprendizaxe para a educación de persoas adultas.

As asociacións de aprendizaxe Grundtvig son o marco de actividades de cooperación a pequena escala entre organizacións que traballan no campo da educación para persoas adultas, no sentido máis amplo da expresión. En cada proxecto presentado estarán representados como mínimo e polo menos un deles deberá ser un estado membro da Unión Europea. Aínda que non se establece un número máximo de centros por proxecto, aconséllase que as asociacións sexan o máis equilibradas posible e que non inclúan a demasiados centros dun mesmo país. Aconséllase tamén a participación de agrupacións de centros locais.

Os centros educativos membros dunha destas asociacións de aprendizaxe poderán solicitar un axudante lingüístico, nas condicións descritas para as accións Comenius.

A acción prevé axudas para a realización de proxectos, tanto ao centro coordinador como aos asociados, por unha duración máxima de tres anos, despois dunha revisión e avaliación anuais, dirixidos a persoas adultas (no marco da acción Grundtvig, enténdese por adulto a calquera persoa de idade superior a 25 anos ou de entre 16 e 24 anos que xa non este integrada na ensinanza secundaria postobrigatoria oficial dos países participantes).

Dentro desta acción establécense dous tipos de axudas:

1. Axudas para visitas preparatorias.

2. Axudas para proxectos de asociacións de aprendizaxe.

Punto 37.-Visitas preparatorias.

As institucións ou organismos que desexen iniciar un proxecto poden solicitar unha axuda para realizar unha visita preparatoria, mediante a presentación do formulario correspondente. Concederase unha axuda de arredor de 1.000 euros por persoa (dependendo do país de destino e da duración da visita).

As visitas poden ser de dous tipos:

a) Reunión de representantes de centros cos que se entra en contacto previamente para a formación dunha asociación de aprendizaxe. Poderase conceder unha axuda de arredor de 1.200 € por persoa e centro (dependendo do país de destino e da duración da visita). En casos excepcionais, cando na visita participe un alumno, a axuda será de maior contía.

b) Participación nun seminario de contacto organizado por unha axencia nacional ou rede Comenius co fin de formar asociacións de aprendizaxe que elaboren proxectos sobre a temática do seminario.

Poderanse conceder axudas para subvencionar a participación no seminario dunha persoa por institución. Será requisito indispensable coñecer a lingua oficial do seminario. A Axencia nacional correrá cos gastos de inscrición, aloxamento e manutención, os cales se abonarán directamente á organización do seminario. A diferenza económica do máximo concedido destinarase a gastos de transporte. A institución beneficiaria recibirá a axuda unha vez realizado o seminario e logo de xustificación dos gastos correspondentes.

O obxectivo destas visitas, que se realizasen antes da presentación do proxecto, é permitir a reunión de socios potenciais co obxecto de precisar a definición dos obxectivos e metodoloxía, definir as funcións que realizará cada socio, desenvolver o programa de traballo e o orzamento do proxecto e elaborar medidas para a avaliación e difusión del. Unha vez finalizada a visita, deberase presentar á Axencia Nacional Sócrates, nun prazo de trinta días, unha memoria da actividade e o informe de avaliación tal e como figura no convenio.

Punto 38.-Axudas para proxectos de asociacións de aprendizaxe.

As asociacións de aprendizaxe poderán recibir axuda financeira durante un ou dous anos, en función da natureza da actividade proposta. En determinados casos particulares, debidamente xustificadas, a axuda cubrirá un máximo de tres anos, logo da petición anual de renovación. No marco do proxecto poderanse organizar actividades que impliquen mobilidade (reunións de socios, seminarios, intercambio de persoal), que non poderán ter unha duración de máis de dúas semanas.

A axuda constará de dúas partes:

1. Unha cantidade fixa para contribuír ao pagamento dos gastos relacionados coas actividades do proxecto,

excepto para as viaxes internacionais. Polo xeral, a cantidade anual concedida poderá chegar ata 5.000 euros para o centro coordinador e ata 4.000 euros para cada un dos socios restantes (a non ser que a suma solicitada sexa inferior).

2. Unha cantidade variable que axude a sufragar os gastos da viaxe internacionais e as axudas de custo.

Punto 39.-Documentación específica.

Os participantes deberán presentar a seguinte documentación:

1. Os centros coordinadores:

a) Anexo I desta orde.

b) Formulario de candidatura Grundtvig 2. Asociacións de aprendizaxe. Os candidatos deberán presentar por duplicado o formulario xerado por aplicación informática, asinado e selado.

c) Carta de compromiso dos outros centros de adultos, membros da asociación.

d) Se o solicitante é un centro educativo debe incluír a aprobación do proxecto polo consello escolar ou órgano equivalente, e o certificado da dirección do centro, no que se inclúa unha relación do profesorado implicado no proxecto cos seus respectivos DNI e áreas que imparten.

e) Se o solicitante non é un centro educativo deberá presentar o documento que acredite que desenvolven plans de educación como parte da súa responsabilidade.

f) Relación numerada dos documentos que se achegan.

2. Os centros asociados:

a) Anexo I desta orde.

b) Formulario de candidatura Grundtvig 2. Asociacións de aprendizaxe. Os candidatos deberán presentar por duplicado o formulario xerado por aplicación informática, asinado e selado.

c) Copia do formulario orixinal, presentada polo centro coordinador e tradución das epígrafes que describen o proxecto cos seus respectivos DNI e áreas que imparten, o no seu defecto as seccións A, B e C del.

d) Se o solicitante é un centro educativo debe incluír a aprobación do proxecto polo consello escolar ou órgano equivalente e o certificado da dirección do centro, no que se inclúa a relación do profesorado implicado no proxecto.

e) Se o solicitante non é un centro educativo deberá presentar o documento que acredite que desenvolven plans de educación como parte da súa responsabilidade.

f) Relación numerada dos documentos que se acheguen.

3. Visitas preparatorias:

a) Anexo I desta orde.

b) Formulario de candidatura de visita preparatoria Grundtvig. Os candidatos deberán presentar por duplicado o formulario xerado por aplicación informática, asinado e selado.

c) Aceptación da visita por parte do centro receptor.

Punto 40.-Criterios de selección e baremo.

Os proxectos presentados valoraranse en función dos indicadores recollidos no anexo IX.

A fin de atender ás prioridades marcadas pola Comisión Europea, as listaxes provisionais de candidaturas aprobadas priorizaranse de acordo coa seguinte orde:

1. As renovacións de proxectos de segundo ano aprobadas (as candidaturas, para seren revalidadas, deberán obter un mínimo do 50% do total de puntos do baremo do anexo IX).

2. As renovacións de proxectos de terceiro ano aprobadas (as candidaturas para ser revalidadas, deberán obter un mínimo de do 75% do total de puntos do baremo do anexo IX).

3. Os proxectos novos (para aprobar deberán obter un mínimo do 30% do baremo do anexo IX).

Punto 41.-Avaliación e recoñecemento da actividade.

A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais avaliará o desenvolvemento e a continuidade do proxecto, e poderá solicitar os informes que considere oportunos.

Para o recoñecemento das horas de formación logo do remate das actividades, deberá enviarse á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e nun prazo de 30 días despois de rematar a actividade a seguinte documentación:

-Memoria pedagóxica.

-A acta de avaliación que se atopa na páxina web: www.edu.xunta.es. Os pasos son os seguintes: profesor-programas-programas da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais-programas europeos-actas para certificados.

Ao abeiro do artigo 28 da Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG do 10 de setembro), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións, a participación en programas internacionais poderá ter os efectos correspondentes as actividades de formación permanente, expedindo a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais as certificacións correspondentes conforme as seguintes equivalencias:

a) Ao profesorado que desenvólvese o proxecto como coordinador dun centro coordinador: 50 horas de formación por curso escolar.

b) Ao profesorado que coordine o proxecto nun centro asociado: 45 horas de formación por curso escolar.

c) Ao profesorado que colabore no proxecto: 30 horas de formación por curso escolar.

B) Grundtvig 3. Mobilidade para educadores de adultos.

O obxectivo desta acción é contribuír a mellorar a calidade de aprendizaxe permanente permitindo que quen traballa nos centros que desenvolven programas de educación de persoas adultas, no sentido máis amplo da expresión, ou participan na formación de adultos, realicen cursos de formación de entre unha e catro semanas no estranxeiro. Desta maneira, incítase os participantes a melloraren as súas aptitudes prácticas de ensino, preparación, asesoramento, e adquiren coñecementos máis amplos sobre a aprendizaxe permanente en Europa.

Punto 42.-Características da acción.

Os cursos de formación a que se pode asistir con axudas de Grundtvig 3 pretenden estudar e desenvolver:

a) Aspectos da metodoloxía utilizada no ensino de adultos ou na formación de educadores de adultos.

b) Aspectos da xestión de centros de educación de adultos e a promoción da aprendizaxe permanente na comunidade.

c) Temas relacionados coa integración europea.

d) Temas relacionados coa educación intercultural e a educación dos traballadores inmigrantes, itinerantes, xitanos e viaxeiros.

e) Tamén poderán ser solicitados os cursos do catálogo de Comenius/Grundtvig.

f) Nalgúns casos o curso poderá adoptar a forma da estancia en prácticas nun comercio, unha industria ou unha organización non governamental que poida facilitar a consecución dos obxectivos mencionados.

Punto 43.-Participantes.

As axudas pódenselle conceder ao persoal que traballa con adultos, a tempo parcial ou completo, tanto no sistema oficial como no non oficial. Inclúense:

-Profesores/formadores que traballan con adultos.

-Directores e persoal xerente de centros que ofrezan oportunidades de aprendizaxe ou educación de recuperación.

-Asesores, titores, etc.

-Inspectores.

-Persoal que traballa con adultos en situación de risco de exclusión social, como mediadores e educadores da rúa.

-Persoas que participan en educación intercultural ou en tarefas educativas relacionadas con traballadores emigrantes, traballadores itinerantes, xitanos e viaxeiros.

-Persoal que asiste a persoas con necesidades educativas especiais.

-Outras categorías de persoal dedicado á educación de adultos, a discreción das autoridades nacionais.

Os profesores de idiomas que desexen optar a unha axuda para participar nun curso de formación terán que pertencer a unha das categorías seguintes:

-Profesores cualificados de idiomas estranxeiros que exerzan na educación de adultos.

-Formadores deses profesores de idiomas estranxeiros.

-Profesores de adultos que utilicen unha lingua estranxeira para impartir clases doutras disciplinas.

-Inspectores e conselleiros do ámbito do ensino de linguas.

Quedan excluídas aquelas persoas que fosen beneficiarias dunha axuda do Programa Sócrates para unha actividade formativa de mobilidade individual (Comenius 2.2. C, Grundtvig 3 e Visitas de Estudo Arión) durante as tres últimas convocatorias, a saber: 2003, 2004 e 2005.

Punto 44.-Documentación específica.

Deberase presentar a seguinte documentación:

a) Anexo II desta orde.

b) Formulario de candidatura Grundtvig 3 (Mobilidade para os educadores de adultos), en formato electrónico e en papel (por duplicado), debidamente asinado e selado.

c) Copia do DNI.

d) Acreditación da competencia lingüística na lingua de traballo do curso.

e) Proxecto sobre as estratexias para difundir os resultados obtidos na actividade ou curso correspondente.

f) Se o candidato presta os seus servizos nunha organización privada, deberá presentar os estatutos da organización e proba recente da súa existencia (último informe anual, certificado financeiro, etc.).

g) Documento que acredite a preinscrición no curso ou actividade elixida.

h) Relación numerada dos documentos que achega.

Punto 45.-Criterios de selección.

A selección das solicitudes farase segundo o seguinte baremo:

a) Relación directa das funcións profesionais que se desenvolven co tema do curso solicitado: ata 3 puntos.

b) Coñecemento da lingua que figure en primeiro lugar entre as oficiais do curso: ata 2 puntos.

c) Coñecemento doutras linguas oficiais comunitarias: ata 1 punto.

d) Estratexias para a aplicación e difusión dos coñecementos adquiridos: ata 2 puntos.

Terá prioridade a asistencia a cursos desenvolto no marco da acción Grundtvig 1 ou sobre educación de adultos enmarcados na primeira fase de Sócrates. Porén, tamén se pode solicitar a participación nun curso de formación que non pertenza a esta categoría, sempre que se respeten os obxectivos xerais da acción e os particulares da convocatoria en vigor.

Punto 46.-Modalidade e contía da axuda.

As axudas serán de ata un máximo de 1.500 euros por beneficiario, para contribuír a cubrir gastos de viaxe, taxas de inscrición (se procede e estancia).

A contía da axuda será fixada individualmente, tendo en conta a actividade de formación, duración e lugar onde se realizará.

Punto 47.-Avaliación e recoñecemento da actividade.

Unha vez rematado o curso/actividade, os beneficiarios terán un prazo dun mes para presentar a seguinte documentación:

-O certificado expedido pola entidade organizadora do curso/actividade de formación, ou unha copia cotexada, na que deberán ser especificadas as horas de duración para a homologación, de acordo coa normativa vixente. (Orde do 3 de setembro de 2001, DOG do 10 de setembro).

-Copia do DNI.

-Unha breve memoria da actividade realizada.

Así mesmo, xunto coa memoria, enviarase a acta de avaliación que se atopa na páxina web: www.edu.xunta.es. Os pasos para a súa localización na web son os seguintes: profesor-programas-programas da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais-programas europeos-actas para certificados.

O certificado de recoñecemento con horas de formación permanente do profesorado emitirase de oficio polo centro directivo convocante.

Sección cuarta

Observación e innovación de sistemas educativos e políticas de educación: visitas de estudo Arión para responsables na toma de decisións en materia de educación

1. Dentro da acción sexta do Programa Sócrates contéplanse as visitas de estudo Arión. O seu obxectivo principal é a organización e participación en visitas dos responsables na toma de decisións e os cargos directivos de institucións educativas de calquera sector do ensino non universitaria, co propósito de facilitar o intercambio de información e experiencia sobre temas de interese mutuo para os estados membros.

2. A Comisión Europea publica anualmente un catálogo de visitas Arión para a convocatoria de cada curso académico. A lista das visitas que os candidatos poderán solicitar, de acordo cos seus intereses e expectativas, estará á disposición das persoas interesadas nos seguintes enderezos da internet:

<http://europa.eu.int//comm/education/socrates/arion/index.html>

<http://www.mec.es/sgpe/socrates>

<http://www.edu.xunta.es>

3. A Comisión Europea resérvase o dereito de introducir modificacións sobre as datas e o obxectivo das visitas ata o momento da súa realización.

Punto 48.-Participantes.

Poderán solicitar estas axudas os funcionarios en servizo activo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que realicen funcións de administradores da educación, inspectores, asesores técnico-docentes ou similar e membros dos equipos directivos de centros escolares.

Todos eles vinculados profesionalmente a calquera dos ámbitos e niveis de ensino non universitarios.

Punto 49.-Requisitos dos participantes.

1. Estar en servizo activo no momento de presentar a solicitude.

2. Os candidatos deberán ter un bo coñecemento dunha das linguas de traballo da visita solicitada.

3. Non ter desfrutado dunha axuda do programa Sócrates (Comenius 2.2C, Grundtvig 3 e Arión) nas tres últimas convocatorias.

4. Que o curso que se solicita teña relación co traballo que se desempeña.

5. As visitas de estudo que se realicen en España non poderán ser solicitadas por profesionais en activo que traballen no Estado español.

Punto 50.-Documentación específica.

a) Anexo II que figura nesta orde.

b) Formulario de candidatura Visitas de estudo Arión en formato electrónico e en papel, debidamente asinado e selado. Presentaranse catro exemplares do formulario de solicitude, dous exemplares en castelán e outros dous na lingua de principal de traballo da primeira visita solicitada. As sinaturas e o selo deben ser orixinais en todos os exemplares.

c) Fotocopia do DNI.

d) Acreditación dos coñecementos de linguas estranxeiras comunitarias.

e) Certificación acreditativa do xefe inmediato superior ou do Servizo de Inspección sobre a relación entre o tema elixido e o perfil profesional do candidato ou candidata.

f) Aprobación da dirección ou persoa ou órgano do que dependa o/a solicitante, no que se faga constar a conformidade da realización da actividade para a que se solicita a axuda.

g) Proxecto sobre as estratexias para difundir a información e experiencias adquiridas na visita de estudo.

h) Documento acreditativo do exercicio do cargo que ocupa o/a solicitante ou desde o que accede á citada axuda, con expresión do tempo de permanencia nel.

i) Declaración xurada de non ter participado no Programa Sócrates, Comenius 2.2 C, Grundtvig 3 ou Arión, nas tres últimas convocatorias

j) Relación numerada dos documentos que aporta.

Punto 51.-Criterios de selección e baremo.

1. As solicitudes serán valoradas de acordo cos criterios seguintes:

a) Relación directa das funcións profesionais que se desenvolven co tema das visitas solicitadas: ata 2 puntos.

b) Relación directa con outros axentes do sistema educativo entre os que se deberá difundir a experiencia: ata 2 puntos.

c) Breve proxecto relativo a posibles estratexias para difundir os resultados obtidos coa experiencia: ata 2 puntos.

d) Coñecemento de linguas oficiais comunitarias: ata 2 puntos.

2. Unha vez estudadas e, se é o caso, admitidas as reclamacións e renuncias, a Comisión seleccionadora elevará a proposta priorizada á Axencia Nacional Sócrates, que pola súa vez as remitirá á Comisión Europea de Bruxelas. Esta enviará aos participantes seleccionados as cartas formais de invitación e a documentación sobre o país que se visitará, os temas elixidos e os obxectivos de estudo. O país de acollida enviará aos participantes os detalles do programa e a información exacta cos lugares a visitar. A Axencia Nacional Sócrates establecerá cos beneficiarios os correspondentes convenios financeiros.

3. No caso de que un candidato renuncie á visita concedida deberá informar inmediatamente a Axencia Nacional Sócrates e á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para a súa substitución por outro peticionario.

Punto 52.-Avaliación e recoñecemento da actividade.

Para avaliar e acreditar a actividade, os beneficiarios terán que enviar á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, nun prazo non superior a trinta días despois de ter rematado a súa estada noutro país, os seguintes documentos:

a) Informe persoal da visita resaltando os puntos máis destacables.

b) Copia do cuestionario de avaliación que a Oficina de Asistencia Técnica do Programa Sócrates en Bruxelas enviará oportunamente aos participantes.

c) Fotocopia compulsada do certificado de asistencia onde se especifiquen as datas de realización da visita, o número de horas e copia da memoria económica.

d) Fotocopia do DNI.

Unha vez rematada a visita, e previa avaliación desta, poderase acreditar con trinta e cinco horas no caso dos participantes e trinta horas no caso dos organizadores de visitas Arión en Galicia.

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO AXUDAS CORRESPONDENTES ÁS ACCIÓNS DESCENTRALIZADAS DO PROGRAMA SÓCRATES . CENTROS ESCOLARES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED309A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

COMENIUS I <input type="checkbox"/> 1.1. PROXECTOS ESCOLARES <input type="checkbox"/> 1.2. PROXECTOS LINGÜÍSTICOS <input type="checkbox"/> 1.4. PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO ESCOLAR	<input type="checkbox"/> ACOLLIDA DE AXUDANTES <input type="checkbox"/> VISITAS PREPARATORIAS	<input type="checkbox"/> 2. ASOCIACIÓNS GRUNDTVIG
---	--	---

TÍTULO DO PROXECTO / ACTIVIDADE DE FORMACIÓN
--

DATOS DO CENTRO DOCENTE

CENTRO		CÓDIGO DO CENTRO	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	TELEFAX
NIVEL EDUCATIVO		E-MAIL	
NOME DO DIRECTOR		NOME DA PERSOA QUE COORDINA O PROXECTO	
Nº ALUMNOS	Nº PROFESORES	DATA DE INICIO E REMATE	CANTIDADE SOLICITADA (EUROS)

DATOS DA CONTA CORRENTE DO CENTRO

ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	NÚMERO DA CONTA
----------	----------	------	-----------------

DATOS DO CENTRO ESTRANXEIRO

CENTRO		
ENDEREZO	PAÍS	E-MAIL
TELÉFONO	TELEFAX	NOME DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 20 de decembro de 2005 pola que se convocan as axudas correspondentes ás accións descentralizadas da segunda fase do Programa Sócrates da Unión Europea: Comenius 1: Asociacións escolares transnacionais: 1.1. Proxectos escolares, 1.2. Proxectos lingüísticos, 1.3. Proxectos de desenvolvemento escolar. Acollida de axudantes lingüísticos. Visitas preparatorias. Comenius 2.2.: Bolsas individuais de formación: 2.2.A. Futuros profesores, 2.2.B. Axudantes lingüísticos, 2.2.C. Cursos de prácticas (formación continua do profesorado). Grundtvig: Grundtvig: 2. Asociacións de aprendizaxe e Grundtvig 3. Mobilidade para a formación do persoal docente e visitas preparatorias. Observación e innovación: Visitas de estudo Arión para responsables na toma de decisións en materia de educación.</i>
SINATURA DO DIRECTOR DO CENTRO _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO AXUDAS CORRESPONDENTES ÁS ACCIÓNS DESCENTRALIZADAS DO PROGRAMA SÓCRATES . MOBILIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED309A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

<input type="checkbox"/> COMENIUS 2 <input type="checkbox"/> 2A FORMACIÓN INICIAL <input type="checkbox"/> 2B AXUDANTÍAS LINGÜÍSTICAS <input type="checkbox"/> 2C FORMACIÓN CONTINUADA DO PROFESORADO	<input type="checkbox"/> ARIÓN	<input type="checkbox"/> GRUNDTVIG 3 MOBILIDADE
--	--------------------------------	---

TÍTULO DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		NIF	
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	TELEFAX
NIVEL EDUCATIVO		E-MAIL	
CENTRO ESCOLAR OU ORGANISMO DE TRABALLO			
DATA DE INICIO E REMATE		CANTIDADE SOLICITADA (EUROS)	

DATOS DA CONTA CORRENTE DO CENTRO

ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	NÚMERO DA CONTA
----------	----------	------	-----------------

DATOS DO CENTRO ESTRANXEIRO

CENTRO			
ENDEREZO		PAÍS	E-MAIL
TELÉFONO	TELEFAX	NOME DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO	

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 20 de decembro de 2005 pola que se convocan as axudas correspondentes ás accións descentralizadas da segunda fase do Programa Sócrates da Unión Europea: Comenius 1: Asociacións escolares transnacionais: 1.1. Proxectos escolares, 1.2. Proxectos lingüísticos, 1.3. Proxectos de desenvolvemento escolar, Acollida de axudantes lingüísticos, Visitas preparatorias, Comenius 2.2.: Bolsas individuais de formación: 2.2.A. Futuros profesores, 2.2.B. Axudantes lingüísticos, 2.2.C. Cursos de prácticas (formación continua do profesorado), Grundtvig: Grundtvig: 2. Asociacións de aprendizaxe e Grundtvig 3. Mobilidade para a formación do persoal docente e visitas preparatorias. Observación e innovación: Visitas de estudo Arión para responsables na toma de decisións en materia de educación.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE
<p style="text-align: center;">, de de 200</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

ANEXO III

Convocatoria programa Sócrates

Renovación de proxectos Comenius 1.1. e 1.3.
Informe de progreso

Características do proxecto.

1. Resumo do proxecto.

Indique se foi necesario redefinir o proxecto. Se a resposta é afirmativa, por favor, indique as causas e en qué sentido se reconduciu.

2. Materias.

Facilite información relacionada coas materias que se están a traballar no proxecto e se houbo cambios respecto do planificado.

3. Temas.

¿Incorporouse na temática a traballar algunha das prioridades europeas, estatais ou autonómicas?

Asociación do proxecto.

1. Países participantes.

Por favor indique os cambios, se se producisen, así como a causa que os motivou. ¿Cómo poderían afectar os ditos cambios ao desenvolvemento do proxecto?

Contido e organización do proxecto.

1. Obxectivos.

Foi necesario reformular os obxectivos? Se algún dos obxectivos formulados xa se alcanzaron, indique por favor cál de eles e en qué grao.

2. Actividades.

Considérase insuficiente o punto C. Actividades do proxecto, pode completar e/ou ampliar aquí a súa proposta.

3. Produtos.

Os produtos propostos inicialmente son os mesmos ou variaron no formato, contido...?.

Son o froito da participación e o traballo en equipo? Teñen incidencia na aula?.

4. Avaliación do impacto esperado do proxecto no centro.

Se se deseñaron ferramentas para avaliar o proceso e a incidencia do proxecto no centro e xa se teñen resultados, por favor, indíqueos.

5. Difusión.

Se se realizou algún tipo de difusión indique cómo e de qué modo se fixo.

6. Funcións das institucións participantes.

Por favor indique neste punto o papel do coordinador e dos asociados en relación con: a coordinación do equipo, a fluidez e frecuencia da comunicación, a preparación e a eficacia das reunións transnacionais e o cumprimento dos calendarios consensuados.

7. Emprego das TIC.

¿Cómo se utilizan? ¿Por parte de quen? ¿Con qué frecuencia?.

8. Participación do alumnado.

Actuacións levadas a cabo polos alumnos implicados.

Indique que actuacións se levaron a cabo para informar ao alumnado do centro no implicado directamente no proxecto.

9. Integración do proxecto no currículo.

¿En qué asignaturas integraron no proxecto?.

10. Secuencia das actividades:

Indique se se realizaron as actividades previstas ou se foi necesario reconducilas e por qué. (Actividades de aula, mobilidades transnacionais, etc).

ANEXO IV

Convocatoria Programa Sócrates

Baremo para a valoración de solicitudes de Comenius 1.1 e Comenius 1.3.

A. Características do proxecto (ata 16 puntos).

1. Resumo do proxecto.

* Claridade na exposición no momento de definir o proxecto: pretensións, obxectivos, actividades.

* Concreción e claridade na exposición do proxecto.

2. Materias.

* Interdisciplinabilidade.

3. Temas.

* Prioridades europeas, estatais e autonómicas.

B. Asociación do proxecto (ata 8 puntos).

1. Nº de profesores e alumnos.

2. Equilibrio xeográfico.

C. Contido e organización do proxecto.

1. Obxectivos (ata 8 puntos).

* Adecuación na formulación dos obxectivos.

* Incidencia esperada na comunidade educativa.

2. Actividades (ata 16 puntos).

* Concreción na definición das actividades.

* Coherencia entre actividades e obxectivos.

* Temporalización das actividades.

* Viabilidade da realización das actividades.

3. Produtos (ata 8 puntos).

* Coherencia entre obxectivos, actividades e produtos.

* Carácter innovador dos produtos.

4. Avaliación do impacto esperado do programa no centro (ata 4 puntos).

* Validez das ferramentas empregadas para avaliar o proceso e a incidencia do proxecto.

5. Difusión dos resultados (ata 8 puntos).

* Sectores receptores da difusión.

* Procedementos a seguir na difusión dos ditos resultados.

6. Medidas específicas (ata 4 puntos).

* Concreción das medidas e coherencia co contido e desenvolvemento do proxecto.

7. Funcións das institucións participantes (ata 4 puntos).

* Concreción de funcións e garantía de cooperación e intercambio de tarefas dentro da asociación.

8. Emprego das TIC (ata 4 puntos).

* Definición e uso das ferramentas informáticas.

9. Participación do alumnado (ata 4 puntos).

* Descrición do traballo do alumnado ao longo do proxecto.

10. Participación do profesorado en intercambios dentro do proxecto (ata 4 puntos).

11. Integración do proxecto no currículo (ata 4 puntos).

* Grao de inclusión do proxecto na programación xeral anual.

* Grao de inclusión do proxecto nas programacións das áreas implicadas.

12. Calendario do proxecto (ata 4 puntos).

* Coherencia na secuenciación das actividades.

D. Orzamento.

1. Cantidade fixa (ata 4 puntos).

* Coherencia entre as actividades programadas e o orzamento.

2. Cantidade variable (ata 4 puntos).

* Estimación adecuada do orzamento para realizar as mobilidades transnacionais do alumno e profesorado.

3. Socios (entidades colaboradoras) (ata 4 puntos).

* Participación doutras institucións.

ANEXO V

Convocatoria programa Sócrates

-Memoria pedagóxica.

Final de proxecto.

-Datos do proxecto.

* Nome do centro e localidade.

* Título do proxecto.

* Centros asociados.

* Obxectivos xerais de produción de materiais.

-Organización.

B.1 Organización do proxecto.

Encontros internacionais (programa).

Acordos (actas).

Actividades comúns.

B.2 Organización e implicación do centro.

* Profesorado.

* Alumnado (niveis, cursos, grupos...).

-Actividades.

Relación: exemplos de realización.

Metodoloxías.

-Implicación dos alumnos.

Relación entre alumnos dos centros asociados.

Mobilidade (programa específico).

Participación.

-Impacto-(Innovacións).

Democratización do centro.

Cambios de metodoloxías.

Inclusión no currículo.

Dimensión europea.

Linguas estranxeiras.

Uso das TIC.

Valores.

Prestixio.

-Avaliación.

No centro.

Do equipo internacional.

Avaliación externa.

-Difusión.

Grupo diana (centro, comunidade...).

Medios (revistas, TV,...).

-Produtos.

Mostra de produtos que se están realizando.

Produtos acabados.

ANEXO VI

Convocatoria programa Sócrates

Baremo para a valoración de solicitudes Comenius 1.2.

A. Características do proxecto.

1. Resumo do proxecto (ata 4 puntos).

* Concreción e claridade na exposición do proxecto.

2. Materias (ata 4 puntos).

* Interdisciplinariedade.

3. Temas (ata 4 puntos).

* Prioridades europeas, estatais e autonómicas.

B. Asociación do proxecto.

1. Número de profesores e alumnos (ata 4 puntos).

C. Contido e organización do proxecto.

1. Obxectivos (ata 8 puntos).

* Adecuación na formulación dos obxectivos.

* Incidencia esperada na comunidade educativa.

2. Actividades (ata 16 puntos).

* Concreción na definición das actividades.

* Coherencia entre actividades e obxectivos.

* Temporalización das actividades.

* Viabilidade da realización das actividades.

3. Produtos (ata 8 puntos).

* Coherencia entre obxectivos, actividades e produtos.

* Carácter innovador dos produtos.

4. Avaliación do impacto esperado do programa no centro (ata 4 puntos).

* Validez das ferramentas empregadas para avaliar o proceso e a incidencia do proxecto.

5. Difusión dos resultados (ata 8 puntos).

* Sectores receptores da difusión.

* Procedementos a seguir na difusión dos ditos resultados.

6. Medidas específicas (ata 4 puntos).

* Concreción das medidas e coherencia co contido e desenvolvemento do proxecto.

7. Funcións das institucións participantes (ata 4 puntos).

* Concreción de funcións e garantía de cooperación e intercambio de tarefas dentro da asociación.

8. Emprego das TIC (ata 4 puntos).

* Definición e uso das ferramentas informáticas.

9. Participación do alumnado (ata 4 puntos).

* Descrición do traballo do alumnado ao longo do proxecto.

10. Integración do proxecto no currículo (ata 8 puntos).

* Grao de inclusión do proxecto na programación xeral anual.

* Grao de inclusión do proxecto nas programacións das áreas implicadas.

11. Preparación lingüística (ata 4 puntos).

* Viabilidade e pertinencia do plan de formación lingüístico: horas, persoas encargadas e procedementos que hai que utilizar.

12. Participación do alumnado (ata 4 puntos).

* Distribución de funcións entre o alumnado, durante a visita.

13. Calendario do proxecto (ata 4 puntos).

* Coherencia na secuenciación das actividades.

D. Orzamento.

1. Cantidadade fixa (ata 4 puntos).

* Coherencia entre as actividades programadas e o orzamento.

2. Cantidadade variable (ata 4 puntos).

* Estimación adecuada do orzamento para realizar as mobilidades transnacionais do alumnado e do profesorado.

3. Socios (entidades colaboradoras) (ata 4 puntos).

* Participación doutras institucións ou organismos en relación co proxecto deseñado e a súa relación co tema do proxecto.

ANEXO VII

Convocatoria programa Sócrates

Baremo para a valoración de solicitudes de Institucións de Acolida de Axudantes Lingüísticos.

A. Institución ou organización solicitante (ata 4 puntos).

* Experiencias anteriores noutros programas comunitarios.

* Situación do centro en zona rural ou noutras áreas desfavorecidas de ata 10.000 habitantes.

* Centro que atende alumnos con necesidades pedagóxicas especiais.

B. Linguas e país de orixe (ata 4 puntos).

* Linguas menos difundidas da UE.

C. O lectorado Comenius (ata 16 puntos).

* Contribución á preparación ou aplicación dun proxecto europeo.

* Precisión na definición das actividades a realizar polo lector.

* Participación do lector noutras áreas do plan de estudos.

* Planificación de actividades extracurriculares e noutras institucións nas que participará o lector.

D. Plan Comenius (ata 20 puntos).

* Descrición do contexto da Institución, características: zona, alumnado.

* Experiencia previa do centro en actividades internacionais de cooperación diferentes ás citadas no punto A.

* Concreción na formulación dos obxectivos.

* Coherencia entre obxectivos, actividades e resultados.

* Grao de implicación do centro no proxecto.

E. Radicación do centro en zona rural e/ou desfavorecida (ata 1.5 puntos).

F. Actividade en programas de potenciación de linguas (ata 1.5 puntos).

G. Por non ter recibido axudante lingüístico ou auxiliar de conversación no curso 2005-2006 (ata 1 punto).

ANEXO VIII

Convocatoria programa Sócrates

Criteria de selección e baremo

Comenius 2.2.B. Axudantías Lingüísticas.

1. Terán prioridade as candidaturas presentadas por persoas que:

1.1 Non teñan recibido axuda da Unión Europea con anterioridade (ata 3 puntos).

1.2 Non teñan recibido nos tres últimos anos unha axuda como auxiliar de conversación dalgunha entidade pública ou privada para a mesma finalidade (3 puntos).

1.3 Presenten unha solicitude que se refira ao ensino das linguas menos difundidas e ensinadas da Unión Europea (ata 2 puntos).

2. Méritos:

2.1. Formación académica: ata 3 puntos.

2.1.1 Expediente académico no título alegado:

a) puntuación media de 8.50 a 10.00: 1 punto.

b) puntuación media de 6 a 8.49: 0.5 puntos.

2.1.2 Estudos de terceiro ciclo:

a) Suficiencia investigadora: 0.5.

a) Título de doutor: 1 punto.

2.1.3 Premios extraordinarios:

a) Premio extraordinario na titulación que alega: 1 punto.

b) Premio extraordinario do doutorado: 1 punto.

2.1.4 Outras titulacións universitarias de carácter oficial non alegadas como requisito:

a) Titulacións de primeiro ciclo: 0.5 punto.

b) Titulacións de segundo ciclo: 1 punto.

2.1.5 Titulacións de ensinanzas de idiomas:

a) Ciclo medio da escola oficial de idiomas ou equivalente: 0.5 puntos.

b) Ciclo superior da escola oficial de idiomas ou equivalente: 1 punto.

2.1.6 Título de especialización didáctica ou equivalente: 0.5 puntos.

2.2. Outros méritos (ata 3 puntos).

2.2.1 Por cursos de formación en relación coa actividade docente que se desenvolverá no futuro, organizados ou homologados pola administración educativa (0.1 puntos por cada 10 horas): ata 3 puntos.

2.2.2 Por publicacións: ata 1 punto.

2.2.3 Por estar inscritos na bolsa de traballo das direccións provinciais de Ceuta e Melilla: 1 punto.

Poderase solicitar a oportuna documentación acreditativa de calquera dos méritos alegados no currículo se se considerase necesario.

A cualificación final obterase pola suma das puntuacións dos números 1 e 2 deste punto.

ANEXO IX

Convocatoria programa Sócrates

Baremo para a valoración de solicitudes de Grundtvig 2.

A. Identificación da institución candidata.

1. Perfil da institución candidata (ata 4 puntos).

* Número de formadores e aprendices implicados no proxecto.

2. Participación e experiencia da institución candidata (ata 4 puntos).

* Experiencias anteriores en proxectos europeos.

B. Información sobre o proxecto e sobre a asociación.

1. Resumo do proxecto (ata 12 puntos).

* Claridade e corrección na exposición no momento de definir o proxecto: pretensións, obxectivos, actividades, etc.

* Detección de necesidades que xustifican o proxecto.

* Adecuación do título.

2. Datos identificativos do proxecto (ata 16 puntos).

* Carácter innovador do proxecto no contexto da institución.

* Dan cabida ás propostas da UE e das comunidades autónomas.

* Multidisciplinarietàade.

* Dirixido a colectivos con dificultades especiais e/ou específicas.

3. Datos das institucións participantes (ata 16 puntos).

* Tipo de institucións.

* Número de formadores e aprendices das institucións.

* Representación de países xeograficamente dispersos.

* Número de institucións.

Resolución do 15 de decembro de 2005, das direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2004-2005.

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 1 de decembro de 2005, pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2004-2005, e de conformidade co establecido no artigo sétimo desa orde, para a análise e valoración das solicitudes constituirase un xurado de selección presidido pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa na cal delegue, e integrado polo director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que actuará como secretario do xurado de selección; o xefe do Servizo de Planificación Educativa, o xefe do Servizo de Formación Profesional e funcionarios dos corpos de inspectores de educación e/ou profesores de ensino secundario das especialidades de formación profesional específica, designados polas direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, estas direccións xerais

RESOLVEN:

Primeiro.-Designar os membros do xurado de selección que deberá analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2004-2005 e facer pública a súa composición que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Por proposta do xurado de selección, poderanse designar os especialistas necesarios para o asesoramento ao xurado de selección na valoración dos méritos dos aspirantes.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2005.

Mª José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación
e Innovación Educativa

Antonio Vázquez Vázquez
Director xeral de Formación
Profesional e Ensinanzas Especiais